

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 4 de outubro de 2024
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día catro de outubro do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Luisa María Sánchez Méndez, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Belén Cachafeiro Anta, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste o deputado *Roberto José Álvarez Carrero*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e María Isabel Couso Torres* e o deputado *Marcos Guisasa Padín*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.34228.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 27 de setembro de 2024.

2.34229.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN, POR CAMBIO DE FINALIDADE, AO CONCELLO DE BAIONA, AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023, ANUALIDADE 2023, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PROXECTO DE RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO NA URBANIZACIÓN PUENTE ROMANO-FASE 2”.
(Expte.2024054258)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021.



- Mediante acordo da Xunta de Goberno núm.33.32369, de data 03/03/2023, concedéuselle ao Concello de Baiona unha subvención, por importe de 306.619,07 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Proxecto nº2 Acondicionamento rúa Pontenova e Cruceiro*” (Expte.:2023006358).
- En data 12/08/2024, o Concello solicita a desistencia do investimento mencionado no parágrafo anterior e solicita que parte do crédito dispoñible por mor da desistencia, en concreto 270.649,90 €, se destine ao financiamento de “*Proyecto de renovación del alumbrado público en la urbanización Puente Romano Fase 2*” (Expte.:2024054258), cun orzamento polo mesmo importe.
- A solicitude de subvención contempla execución de obra por importe de 255.394,30 €, honorarios de redacción de proxecto por 7.744,00 € e honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por 7.511,60 €.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2024007457, de data 23/09/24, aceptase a desistencia do investimento mencionado ut supra.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Regulatoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no referente a súa dispoñibilidade xa que, tal como indica o Concello, precisa da autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural dependente da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, aportando ao efecto a súa solicitude, por non dispor da mesma no momento de presentar a solicitude da subvención.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023
- Acordo do Pleno da Deputación núm. 4.8084, de 24/11/2023 (BOPPO núm. 229 de 28/11/2023)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto, no seu caso, e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

PROCEDENCIA DA AUTORIZACIÓN

- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, dispón que unha vez recaída a resolución de concesión, antes de que conclúa o prazo para a realización das actividades ou investimentos obxecto de subvención e sempre e cando non se prexudiquen intereses de terceiros, poderase solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada ou a modificación do contido sen variar a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 13/08/2024 e da xefa do servizo de Cooperación, de data 23/09/2024, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e visto o informe favorable da Intervención provincial, de data 25/09/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Baiona*, CIF: P3600300B, unha subvención por cambio de finalidade, por importe de 270.649,90 €, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, co obxecto do financiamento do investimento “*Proxecto de renovación do alumeadado público na urbanización Puente Romano Fase 2*” (exp: 2024054258).
A subvención financia a execución da obra por importe de 255.394,30 € e as asistencias técnicas á redacción do proxecto (7.744,00€) e a dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde (7.511,60 €).
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45.2023 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.



- Non obstante, a concesión da presente concesión queda condicionada a que o Concello achegue, coa primeira xustificación do gasto realizado, a autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural dependente da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ademais, conforme o recollido na base 21ª do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado a 31 de decembro de 2024 e xustificado a 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Baiona*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

3.34230.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BUEU AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REPAVIMENTACIÓN E MELLORA DOS ACCESOS E DO APARCAMENTO DO PAVILLÓN MUNICIPAL PABLO HERBELLO”. (Expte 2024022867)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.
- Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 03/04/2024, mediante rexistro WEB2024022143, formalmente e en prazo, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de BUEU na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, co obxecto do financiamento do investimento “*Proxecto pavimentación do aparcamento do pavillón municipal Pablo Herbelló*”.



- En data 26/09/2024 mediante rexistro WEB2024060493, o Concello de BUEU da resposta a un requirimento realizado, reformula a solicitude presentada e achega a documentación precisa na que solicita unha subvención de 60.313,30 € para financiar o investimento “*Repavimentación e mellora dos accesos e do aparcamento do pavillón municipal Pablo Herbello*” cun orzamento que ascende a 60.313,30€, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	60.313,30	60.313,30	0,00	0,00

- Consta no expediente a documentación relativa á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27ª. Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención, ademais da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia, estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

A devandita autorización e a acta de trazado previo (Anexo III) serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 27/09/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 27/09/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial de data 01/10/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Buen*, CIF: P3600400J, unha subvención por importe de 60.313,30 € co obxecto do financiamento do investimento “*Repavimentación e mellora dos accesos e do aparcamento do pavillón municipal Pablo Herbello*” (Expte. 2024022867), cuxo orzamento ascende 60.313,30 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Concepto	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
Total	60.313,30	60.313,30	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural xunto coa acta de trazado previo (Anexo III) debidamente cumprimentada. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Buen*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



4.34231.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN, POR REINVESTIMENTO DE BAIXA, AO CONCELLO DE MOAÑA AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 (ANUALIDADE 2023) LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PROXECTO PLAN DE ASFALTADO DA PARROQUIA DE MEIRA”. (Expte 2024058230)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021.
- Logo da xustificación de varios investimentos, incluídos no Plan Concellos 2022-2023 (anualidade 2023), que se reflicten na seguinte táboa, constátanse os seguintes saldos a favor do Concello de Moaña:

EXPEDIENTE	INVESTIMENTO	SOBRANTE
2022068855	Consolidación da estrutura de sostemento do camiño da Rotea	239,06 €
2023005499	Reposición de firme no camiño da Area	333,31 €
2023005808	Proxecto de cambio de céspede do campo de fútbol Iago Aspas Juncal - O Casal	80.404,25 €
	IMPORTE TOTAL	80.976,62 €

- En data 27/08/2024, con rexistro WEB2024054264, rectificado o 16/09/2024 co rexistro WEB2024058310, consta instancia do Concello de Moaña na que solicita aplicar o remanente mencionado anteriormente no financiamento de “*Proxecto Plan de asfaltados da parroquia de Meira*” (expediente: 2024058230), cun orzamento por importe de 99.992,13 euros.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base 19ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que dispón que os Concellos poden solicitar o reinvestimento das baixas definitivas constatadas coa certificación final do investimento subvencionado para a súa aplicación no investimento que estime conveniente, sempre e cando, o importe individual ou acumulado da baixa no exercicio correspondente e do proxecto sexa igual ou superior a dez mil (10.000,00) euros.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 29/08/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 16/09/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Moaña*, CIF P3602900G a cantidade de 80.976,62 €, con destino ao financiamento do investimento “*Proxecto Plan de asfaltados da parroquia de Meira*” (Expte.2024058230), en base a un orzamento por importe de 99.992,13 €.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45.2023 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Moaña*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia

5.34232.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE NIGRÁN AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REDE DE SANEAMENTO E REDE DE ABASTECIMENTO NA PATEIRA”. (Expte.2024058727)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.
- Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 21/03/2024, mediante rexistro WEB2024018728, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello do Nigrán na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 287.646,32 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Proxecto básico e de execución de construción de campo de fútbol 7 en Rúa Pazos 121. Camos*” (Expte. 2024020225), cuxo orzamento ascende ao mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	287.646,32	287.646,32	0,00	0,00



- Da documentación que obra no expediente infírese que os terreos onde se pretende construír o campo de fútbol pertencen a *Comunidade de Montes de Camos*, e en data 15/04/2024, se lle require, formalmente, ao Concello que acredite a cesión indefinida dos terreos.
- En data 27/08/2024, mediante rexistro WEB2024054280, o Concello achega o decreto 2024-1661, de data 27/08/2024, mediante ao que renuncia a solicitude de subvención co obxecto do financiamento da obra “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE CONSTRUCIÓN DE CAMPO DE FÚTBOL 7 EN RÚA PAZOS 121. CAMOS” (Expdte: 2024020225)”, dado que, tras varias comunicacións infrutuosas coa Comunidade de Montes, o Concello non acadou a cesión dos terreos co límite temporal que estipulan a bases.
- En data 28/08/2024, mediante rexistro WEB2024054530, formalmente, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello do Nigrán na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 215.621,77 euros, co obxecto do financiamento do investimento “AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO E DA REDE DE ABASTECIMENTO NA PATEIRA” (Expdte: 2024058727), cuxo orzamento ascende ao mesmo importe. Esta actuación substitúe á presentada inicialmente co nome “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE CONSTRUCIÓN DE CAMPO DE FÚTBOL 7 EN RÚA PAZOS 121. CAMOS” (Expdte: 2024020225) e que foi desvinculada do plan por non se axustar á bases reguladoras.
- En datas posteriores, o Concello completa a documentación achegada.
- Segundo o informe do Arquitecto Municipal, de data 24/09/2024, o trazado do investimento, que se corresponde cunha competencia municipal básica, desenvólvese por un tramo da vía Rúa do Pazos, de titularidade autonómica do que consta solicitada a renovación da autorización sectorial a AXI, polo Camiño da Pateira do que consta a titularidade municipal e por propiedades privadas obrando no expediente as correspondentes autorizacións.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.



- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a referida base 1º establece que no caso de investimentos de competencia municipal que se desenvolven sobre terreos doutra administración pública, o Concello deberá contar coa competencia e a autorización da respectiva Administración ou, polo menos, acreditar que xa a solicitou.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 02/09/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 25/09/2024, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 26/09/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Nigrán*, CIF: P3603500D, unha subvención por importe de 215.621,77 € co obxecto do financiamento do investimento “*Rede de saneamento e rede de abastecemento na Pateira*” (Expte.2024058727), cuxo orzamento ascende ao mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo. Non obstante, a presente concesión fica condicionada a que o Concello achegue, coa primeira xustificación do gasto realizado, a renovación da autorización sectorial da entidade pública AXI xunto co acordo (ou a resolución) de aprobación do proxecto e a acta de trazado debidamente cumprimentada.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Nigrán*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.34233.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CONCELLO DE BUEU Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A “RETIRADA DE SIMBOLOXÍA FRANQUISTA NO CONTORNO DO LAVADOIRO DO RÍO NOVO DE TRASOUTO”, APROBADA AO SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 16/06/2023. (Expte. 2023032649)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 10 de marzo de 2023, aprobou as Bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2023 (acordo núm. 2.32380), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 20 de marzo de 2023 (BOPPO núm. 55).

Ao abeiro da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 16 de xuño de 2023 (acordo núm. 4.32753), acordou concederlle ao Concello de Bueu, con CIF: P3600400J, unha achega de 2.311,64 euros para o desenvolvemento do proxecto da liña A “*Retirada de simboloxía franquista no contorno do lavadoiro do río Novo de Trasouto*”, con cargo á aplicación 24/332.3322.762.00.2023 do vixente Orzamento provincial.

Con data 18 de setembro de 2024, número de rexistro WEB2024058917, o Concello de Bueu presenta renuncia á subvención concedida no seu día debido á imposibilidade de executar o proxecto no prazo establecido nas citadas bases reguladoras.

Con data 20 de setembro de 2024, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico informa esta proposta de renuncia, na que solicita a fiscalización do expediente e o conforme da área de Intervención.

Con data 24 de setembro de 2024, a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- ✓ Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- ✓ Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- ✓ Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- ✓ Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- ✓ Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- ✓ Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- ✓ Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- ✓ Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- ✓ Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- ✓ Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).
- ✓ Bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2023.
- ✓ Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

Base Reguladora 14^a da convocatoria, pola que a instrución do procedemento de concesión de subvencións lle corresponde á xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizará de oficio todas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.

Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.

Procedencia da renuncia:

Artigo 94 da LPACAP, no que se establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda, os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose presentado neste terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.



RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 63 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión, que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A lei esixe como requisitos da renuncia a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, o *Concello de Buen* presenta, o 18 de setembro de 2024, a solicitude formal de renuncia á subvención para a retirada de simboloxía franquista no contorno do lavadoiro do río Novo de Trasouto, ao abeiro da liña A das subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2023.

Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe da xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, con data 20 de setembro de 2024 (CSV: WZQ9VLUF65JCNA0C), e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data 24 de setembro de 2024 (CSV: KJYN1LBIM33K8SOS), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia do *Concello de Buen* á subvención concedida para a retirada de simboloxía franquista no contorno do lavadoiro do río Novo de Trasouto, ao abeiro da liña A das subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2023.
- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Buen*, á Intervención provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.



7.34234.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CONCELLO DE BUEU Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A “RESTAURACIÓN DO LAVADOIRO DO RÍO NOVO EN TRASOUTO”, APROBADA AO SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 16/06/2023. (Expte.2023032658)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 10 de marzo de 2023, aprobou as Bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2023 (acordo núm. 2.32380), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 20 de marzo de 2023 (BOPPO núm. 55).

Ao abeiro da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 16 de xuño de 2023 (acordo núm. 4.32753), acordou concederlle ao *Concello de Bueu*, con CIF: P3600400J, unha achega de 14.226,67 euros para o desenvolvemento do proxecto da liña B “*Restauración do lavadoiro do río Novo de Trasouto*”, con cargo á aplicación 24/332.3322.762.00.2023 do vixente Orzamento provincial.

Con data 18 de setembro de 2024, número de rexistro WEB2024058917, o Concello de Bueu presenta renuncia á subvención concedida no seu día debido á imposibilidade de executar o proxecto no prazo establecido nas citadas bases reguladoras.

Con data 20 de setembro de 2024, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico informa esta proposta de renuncia, na que solicita a fiscalización do expediente e o conforme da área de Intervención.

Con data 24 de setembro de 2024, a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- ✓ Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- ✓ Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- ✓ Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- ✓ Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- ✓ Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- ✓ Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- ✓ Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).



- ✓ Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- ✓ Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- ✓ Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).
- ✓ Bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2023.
- ✓ Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

Base Reguladora 14^a da convocatoria, pola que a instrución do procedemento de concesión de subvencións lle corresponde á xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizará de oficio todas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.

Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.

Procedencia da renuncia:

Artigo 94 da LPACAP, no que se establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda, os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluído o procedemento salvo que, téndose presentado neste terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 63 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDPEO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓN

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión, que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.



A lei esixe como requisitos da renuncia a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, o Concello de Bueu presenta, o 18 de setembro de 2024, a solicitude formal de renuncia á subvención para a restauración do lavadoiro do río Novo de Trasouto, ao abeiro da liña B das subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2023.

Dado que non se ven prejudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe da xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, con data 20 de setembro de 2024 (CSV: W9EJDGS1A1B479NC), e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data 24 de setembro de 2024 (CSV: JLKLZ8U053I2QRR3), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia do Concello de Bueu á subvención concedida para a restauración do lavadoiro do río Novo de Trasouto, ao abeiro da liña B das subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2023.

- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.

- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Bueu*, á Intervención provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

8.34235.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (Exptes. 2024064887 e 2024064888)

a) Vista a relación de facturas con número 2024064887, que contén 7 facturas e por un importe de 5.705,11€ e con CSV: 1DS7T1EH6H5KEJUN, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 25/09/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extrajudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	5.603,92€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	101,19€
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	5.705,11€



b) Vista a relación de facturas con número 2024064888, que contén 5 facturas e por un importe de 1.316,33€, e con CSV: 0H9TODMWOL64TG3C, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 25/09/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	1.316,33€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	1.316,33€

9.34236.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “REPOSICIÓN DE FIRME NA EP-6101 BIDUEIROS-AMEDO, DENDE O P.Q. 2+200 Ó P.Q. 9+388 (CONCELLO DE DOZÓN)”. (Expte. 2024053820)

Resultando.-Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 6101 BIDUEIROS-AMEDO que percorre o termo municipal de Dozón pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude total de 7.188 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada no tramo comprendido dende o P.Q. 2+200 ó P.Q. 9+388 resulta necesario proceder a reposición das características superficiais do firme e a restitución da capacidade portante do mesmo mediante a execución de saneos e o fresado da capa de rodadura en mal estado, posteriormente procederase o recrecido do firme existente mediante a extensión dunha capa de formigón bituminoso en quente. Finalmente, repoñerase a sinalización horizontal e vertical, co fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.



Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse por César Paredes Rodríguez, enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas, o proxecto de “Reposición de firme na EP-6101 Bidueiros-Amedo, dende o P.Q. 2+200 ó P.Q. 9+388 (Concello de Dozón)”, cun orzamento base de licitación de 518.067,42 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: QU9YO1SM5JDGB0ND.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Reposición de firme na EP-6101 Bidueiros-Amedo, dende o P.Q. 2+200 ó P.Q. 9+388 (Concello de Dozón)”

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 518.067,42 €, con número de operación 202400189569 con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que consta no expediente informe de fiscalización do proxecto favorable CSV: LH18400ZD1MNHYC6.

Considerando.- Que a esixencia de informe de supervisión non é preceptiva dado que non se superan os límites establecidos no art. 235 da LCSP e as actuacións non afectan á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

Considerando.- Que de acordo coa clasificación establecida no artigo 232 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), as obras do presente proxecto inclúense no grupo c) Obras de conservación e mantemento ao tratarse dunha obra de renovación do firme e as reparacións necesarias nel son consecuencia do natural ou normal uso das estradas.

Considerando.- Que polo carácter e ámbito das obras, que delimitáanse exclusivamente a plataforma da estrada, no dominio público viario titularidade desta Deputación, unicamente a nivel superficial, mellorando a drenaxe e pavimentación do firme existente en un viario completamente consolidado non se fan necesarias autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable, consonte o artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...”

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real



decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra “*Reposición de firme na EP-6101 Bidueiros-Amedo, dende o P.Q. 2+200 ó P.Q. 9+388 (Concello de Dozón)*”, redactado polo enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Don César Paredes Rodríguez, cun orzamento base de licitación de 518.067,42 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: QU9YO1SM5JDGB0ND.

10.34237.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS INSTALACIÓNS DE AEROTERMIA SOSTIBLES II: INSTALACIÓNS DE APROVEITAMENTO DA ENERXÍA AEROTÉRMICA NO CONCELLO DE AS NEVES DENTRO DO PROGRAMA DE AXUDAS PARA INVERSIÓNS EN PROXECTOS SINGULARES LOCAIS DE ENERXÍA LIMPA EN MUNICIPIOS DE RETO DEMOGRÁFICO (PROGRAMA DUS 5000) NO MARCO DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RETO DEMOGRÁFICO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA”. (Expte.2024052984)

Con data 07/08/2024 a Xefa do Servizo de Cooperacións cos Municipios e a Deputada Delegada de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente, Arquitectura e Proxectos Europeos ditaron providencia de inicio pola que se solicita ao Servizo de contratación a iniciación do expediente para a contratación da Subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de aeroterminia sostibles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica no concello de As Neves dentro do programa de axudas para inversións en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia cun orzamento base de licitación de 107.025,48 € (IVE excluído), sendo a cantidade correspondente ao IVE (21%) 22.475,35 € (Total 129.500,83 €).

De conformidade co previsto na providencia de inicio do expediente e tendo en conta a definición do obxecto do contrato así como os códigos CPV indicados para a definición do mesmo :

- 42510000-Intercambiadores de calor, equipos de aire acondicionado e refrixeración e aparatos para filtrar.
- 45300000-Traballos de instalación en edificios.
- 45310000.-Traballos de instalación eléctrica.

O contrato califícase como contrato mixto que comprende prestacións de obra e de subministración. Para a determinación das normas que rexerán a adxudicación do mesmo atenderase ao carácter da prestación principal sendo ésta a de subministración.



De conformidade co previsto no artigo 18.3 da LCSP “*nos casos nos que un elemento do contrato mixto sexa unha obra e esta supere os 50.000,00 euros deberá elaborarse un proxecto e tramitarse de conformidade cos artigos 231 e seguintes da LCSP*”.

A vista do exposto, polo técnico Fernando Pérez Albalate Ingenierio Industrial Colexiado nº 5501 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Andalucía Occidental da empresa E-ADJUDICA, SL (B-72.375.025) , adxudicataria do contrato de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección das obras de eficiencia enerxética nas instalacións de aerotermia sostibles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos concellos de Catoira e As Neves dentro do programa de axudas para inversións en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, redactouse o correspondente proxecto de obra con CSV (DZARFMROSLZL0LXX).

A redacción do proxecto reformulado, segundo informa o técnico redactor xustifícase de acordo co seguinte: *(...) as actuacións destinadas ao municipio das Neves foron licitadas 2 veces conforme ao indicado na memoria de subvención, quedando en ambas as deserta por ser un orzamento moi inferior ao necesario. A memoria de subvención foi presentada no ano 2021. Os prezos de mercado desde 2021 subiron de forma moi pronunciada debido para os efectos da crise enerxética, inflación e conflitos armados entre outras cuestións, polo que os valores reflectidos no proxecto licitado foron superados polas cuestións expostas, sendo isto o principal problema de que a licitación quedase deserta en dúas ocasións. De igual forma a potencia da bomba que se indicou na memoria xustificativa enviada a IDAE é inferior en potencia necesaria, xa que unha vez que se introduciron en cálculos exhaustivos durante a redacción do proxecto demostrouse a necesidade de incrementar a potencia da bomba de calor. Para dar respostas a estas demandas pasamos dunha bomba de potencia calorífica de 63 KW a unha potencia de 81,5 KW. #Ante tal situación desde a Deputación de Pontevedra e desde o Concello das Neves tomouse a decisión de reformular o proxecto incluíndo estes as achegas dinerarias pertinentes para executalo. Con estes condicionantes modifícase o proxecto para volver licitar.*

Visto o informe de supervisión do proxecto reformulado emitido polo técnico facultativo do Servizo de Cooperación.

Visto o informe de fiscalización do correspondente proxecto reformulado emitido pola intervención con data 25/09/2024 polo que se informa o seguinte:

“O prazo máximo establecido polo IDAE para a realización das inversións e execución do proxecto é de vinte e catro (24) meses dende a data de notificación da resolución de concesión da axuda, 11 de outubro de 2022. Pese a constar no expediente do proxecto (expte. nº 2021052872), acordo da Xunta de Goberno de data 23 de agosto de 2024 (nº 7.34156) para solicitar ao IDAE a ampliación do prazo de execución en once (11) meses e dezanove (19) días, ata o 30 de setembro de 2025, non consta concedida dita ampliación. Por outra banda, segundo a cláusula quinta do convenio (Modificación do proxecto) “Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento dos traballos por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto deberá contar coa autorización previa e expresa do IDAE, do Concello e da Deputación. En caso de que a incidencia, por causas imprevistas, obrigue a un incremento da cantidade total estipulada no convenio deberá contar coa autorización previa e expresa do IDAE, do Concello e da Deputación, e financiarase pola Deputación de Pontevedra e polo propio Concello na mesma proporción e co mesmo límite que se estipula na cláusula terceira”. No que respecta ao IDAE non consta a devandita autorización.



CONCLUSIÓN Polo exposto, tendo en conta as observacións formuladas, a aprobación do presente proxecto deberá quedar condicionada á previa autorización do mesmo polo IDAE e á ampliación do prazo de execución establecido na resolución de concesión da axuda”.

Asimesmo respecto ao financiamento infórmase que “Nas aplicacións orzamentarias 24/942.1700.652.15 e 24/942.1700.652.15.2023, dentro do proxecto de gastos código nº 922_0009_AS NEVES, existe crédito retido por importe total de 98.229,87 € para facer fronte a este gasto, mediante documentos RC nº 202400202892 e nº 202400205447, por importe de 35.738,21 € e 62.491,66 € respectivamente. A cantidade restante, por importe de 31.270,96 €, finánciase polo Concello das Neves con cargo a unha subvención do Plan + Provincia 2024 (expte. nº 2024050926) xa concedida, e pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria unha vez formalizada a addenda ao convenio de colaboración aprobada pola Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do 20 de setembro de 2024”.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 60.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar o proxecto correspondente a “Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de aerotermia sostibles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica no concello de As Neves dentro do programa de axudas para inversións en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia” con CSV (DZARFMROSLZL0LXX). Dita aprobación queda condicionada a autorización do mesmo polo IDAE e á ampliación do prazo de execución establecido na resolución de concesión da axuda.

O proxecto foi redatado polo técnico Fernando Pérez Albalate Enxeñeiro Industrial Colexiado nº 5501 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Andalucía Occidental da empresa E-ADJUDICA, SL (B-72.375.025) .

11.34238.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA ESPIRAL, XESTIÓN CULTURAL, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DO “SERVIZO DE XESTIÓN INTEGRAL DO CENTRO CASTRODEZA (GASTRODEZA): LENDAS, CASTROS E GASTRONOMÍA”. (Expte. 2020012662) (Devogarán 2024062691)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 24 de xullo de 2020 (CSV.- QZCZP8UK5OZD1TFW), adxudicouse o contrato convocado a prestación do servizo de “Servizo de xestión integral do Centro Castrodeza (Gastrodeza) lendas, castros e gastronomía”. (Expte. 2020012662).



Para responder da realización deste servizo, a entidade mercantil *Espiral, Xestión Cultural, S.L.* (B-94.054.954), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que é o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
ESPIRAL, XESTIÓN CULTURAL, S.L. (B-94.054.954)	4.500,00€	202000124667	17/07/2020

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Turismo Rías Baixas (CSV.- FKU5NQDSNR73VZ1R), no cal sinala que a entidade mercantil *Espiral Xestión Cultural, S.L.* (B-94.054.954), cumpriu satisfactoriamente dito contrato, non incorrendo en anomalía, incidencia ou responsabilidade derivada da execución do mesmo, polo que procede a devolución da garantía definitiva.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- LGF2MYDD9E8BU7FC), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *Espiral, Xestión Cultural, S.L.*, dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizo de xestión integral do Centro Castrodeza (Gastrodeza) lendas, castros e gastronomía*” (Expte. 2020012662), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil *Espiral, Xestión Cultural, S.L.* (B-94.054.954), por resultar adxudicataria de dito contrato, que é a seguinte:

- o A constituída en valores, mediante aval de *ABANCA*, por importe de catro mil cincocentos euros (4.500,00 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 17/07/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000124667.



12.34239.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO NA SESIÓN DO DÍA 29-07-2024 (Nº 29.34044B) RELATIVO Á “APROBACIÓN DO PROXECTO E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DERIVADO LOTE NÚMERO 2 DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA AÑO 2023”. (Expte.2024044378)

Visto o erro padecido no acordo da Xunta de Goberno número 29-34044 B, de aprobación do proxecto e adxudicación do contrato derivado lote número 2 do acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023

Considerando.- Que o artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recolle que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade corrixir o citado erro no seguinte senso:

Onde di:

(...)

2. Autorizar o gasto por importe de 738.228,55 € IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2023, dentro do proxecto de gasto nº 2021053554/2.

3. Adxudicar o Contrato derivado Lote 2 do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viariada Deputación de Pontevedra ano 2023” á UTE *Narom, S.L.- Audeca, S.L.*, (CIFU72478480), por importe de 738.228,55 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe	610.106,24 €
IVE (21 %)	128.122,31 €
Importe total	738.228,55 €

Debe dicir:

(...)

2. Autorizar o gasto por importe de 738.227,86 € IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2023, dentro do proxecto de gasto nº 2021053554/2.

3. Adxudicar Contrato derivado Lote 2 do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023” á empresa *Construcciones Fechi S.L.* (CIF B36258861), por importe de 738.227,86 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe	610.105,67 €
IVE (21 %)	128.122,19 €
Importe total	738.227,86 €



13.34240.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO NA SESIÓN DO DÍA 29-07-2024 (Nº 29.34044C) RELATIVO Á “APROBACIÓN DO PROXECTO E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DERIVADO LOTE NÚMERO 3 DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE”. (Expte. 2024045125)

Visto o erro padecido no acordo da Xunta de Goberno número 29-34044 C, de aprobación do proxecto e adxudicación do contrato derivado lote número 3 do acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023

Considerando.- Que o artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recolle que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade corrixir o citado erro no seguinte senso:

Onde di:

(...)

2. Autorizar o gasto por importe de 595.972,96 € IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2023, dentro do proxecto de gasto nº 2021053554/3.

3. Adxudicar Contrato derivado Lote 3 do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023” á empresa *Construcciones Fechi SL* (CIF B36258861) por importe de 595.972,96 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe	492.541,72 €
IVE (21 %)	103.433.32 €
Importe total	595.972,96 €

Debe dicir:

(...)

2. Autorizar o gasto por importe de 595.968,56 € IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2023, dentro do proxecto de gasto nº 2021053554/3.

3. Adxudicar Contrato derivado Lote 3 do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023” á empresa *Construcciones Fechi SL* (CIF B36258861) por importe de 595.968,56 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe	492.536,00 €
IVE (21 %)	103.432,56 €
Importe total	595.968,56 €



14.34241.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE RODEIRO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3). (Expte.2024004195)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases). As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 03/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 03/01/2024.
- 2) Á vista da documentación obrante no expediente de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, mediante acordo da Xunta de Goberno do 9 de febreiro de 2024, punto núm. 15.33448, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2024/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.
- 3) No caso do *Concello de Rodeiro*, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE RODEIRO					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
12	1 educador/a social en xornada de 37,5 h./sem durante 9,4666 meses; 2 técnicos/as de educación infantil e 3 peóns servizos diversos en xornada de 25 h./sem. durante 9,4666 meses; 4 peóns servizos múltiples en xornada de 25 h./sem. durante 6,5666 meses; 1 traballador/a social en xornada de 25 h./sem. durante 5 meses e 1 monitor/a socorrista en xornada de 30 h./sem durante 3 meses	122.487,26 €	122.487,26 €	0,00 €	122.487,26 €

- 4) O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2024054893 do 30/08/2024, solicita modificar o acordo de concesión da subvención motivado pola necesidade de cambiar o posto de monitor/a socorrista polo dun auxiliar administrativo/a, ante a imposibilidade de atopar candidatos para cubrir o posto previsto inicialmente.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das bases de execución do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Cuarta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024. As modificacións poderán implicar unha variación a alza. No caso de supoñer unha subvención inferior, poderá destinarse a contía sobrante ao financiamento de investimentos dentro da liña 1, respectando o límite establecido na base décimo novena.

CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reaxustar e adaptar a concesión da subvención ás novas circunstancias tras a imposibilidade de levar a cabo a contratación dunha das categorías previstas inicialmente (1 monitor/a/socorrída), o interesado solicita o cambio de categoría, permanecendo invariable a duración, a xornada, o orzamento e a subvención con respecto a súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE RODEIRO					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
12	<i>1 educador/a social en xornada de 37,5 h./sem durante 9,4666 meses; 2 técnicos/as de educación infantil e 3 peóns servizos diversos en xornada de 25 h./sem. durante 9,4666 meses; 4 peóns servizos múltiples en xornada de 25 h./sem. durante 6,5666 meses; 1 traballador/a social en xornada de 25 h./sem. durante 5 meses e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 30 h./sem durante 3 meses</i>	122.487,26 €	122.487,26 €	0,00 €	122.487,26 €



A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, informo favorablemente a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 9 de febreiro de 2024, punto núm. 15.33448, no referente á subvención concedida ó *Concello de Rodeiro*, CIF núm. P3604700I, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Rodeiro (P3604700I)	12	<i>1 educador/a social en xornada de 37,5 h./sem durante 9,4666 meses; 2 técnicos/as de educación infantil e 3 peóns servizos diversos en xornada de 25 h./sem. durante 9,4666 meses; 4 peóns servizos múltiples en xornada de 25 h./sem. durante 6,5666 meses; 1 traballador/a social en xornada de 25 h./sem. durante 5 meses e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 30 h./sem durante 3 meses</i>	122.487,26 €

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 48WK3X157M5ELU8F) e do informe de Intervención (CSV: H5NDYL39XP7YKW3V), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 9 de febreiro de 2024, punto nº15.33448, no referente á subvención concedida ó *Concello de Rodeiro*, CIF núm. P3604700I, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Rodeiro (P3604700I)	12	<i>1 educador/a social en xornada de 37,5 h./sem durante 9,4666 meses; 2 técnicos/as de educación infantil e 3 peóns servizos diversos en xornada de 25 h./sem. durante 9,4666 meses; 4 peóns servizos múltiples en xornada de 25 h./sem. durante 6,5666 meses; 1 traballador/a social en xornada de 25 h./sem. durante 5 meses e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 30 h./sem durante 3 meses</i>	122.487,26 €

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



15.34242.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO TREITO ANTIGO DA EP-5201 ARBO-CABEIRAS-BARCELA, NA CONTORNADA IGREXA DE SAN SEBASTIÁN DE CABEIRAS (CONCELLO DE ARBO)”. (Expte.2024053636)

Resultando.- A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

Resultando.-Que a Deputación de Pontevedra está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 LBRL. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguridade viaria.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 5201 Arbo-Cabeiras-Barcelona que transcorre polo Concello de Arbo e ten un treito antigo xunto a igrexa de San Sebastián de Cabeiras.

Resultando.- Que a E.P. 5201 Arbo-Cabeiras-Barcelona é unha estrada provincial de 4.192 m de lonxitude. Entre o PQ 2+380 e o PQ 2+450 desta estrada existe un treito antigo de 268 metros de lonxitude que transcorre xunto a igrexa de San Sebastián de Cabeiras. Trátase dun treito de dobre sentido de circulación e de sección variable. Ao longo do treito atopamos unha estrada con sección de plataforma moi irregular, sen espazos adecuados para o tránsito peonil, o que da lugar a situacións de risco e inseguridade para os usuarios.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polos técnicos Francisco Rivas Barros, Ignacio Teijeiro Calvo e Pedro Iglesias Aymerich, adscritos á empresa OTIMA, S.L. o proxecto de execución da obra “Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da EP-5201 Arbo-Cabeiras-Barcelona, na contorna da Igrexa de San Sebastián de Cabeiras (Concello de Arbo)”, cun orzamento base de licitación de 416.064,84 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) ZMLA0ALAJ3RDQ0JE.



Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 10 de maio de 2024 aprobou o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Arbo para a execución do proxecto “*Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da E.P. 5201 Arbo-Cabeiras-Barcela, na contorna da igrexa de San Sebastián de Cabeiras*”. Con data 29 de maio de 2024 formalizouse o devandito convenio coa sinatura das partes intervinientes.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da EP-5201 Arbo-Cabeiras-Barcela, na contorna da Igrexa de San Sebastián de Cabeiras (Concello de Arbo)*”, por importe de 416.064,84 €, IVE incluído (CSV do proxecto: ZMLA0ALAJ3RDQ0JE).

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse informe sobre a existencia de consignación orzamentaria por importe de 332.851,87 €, con número de operación 202400091096 con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.02.2023 do vixente orzamento provincial. En canto á cantidade restante, correspondente á achega do Concello de Arbo, por importe de 83.212,97 €, de acordo ao convenio asinado, que será financiado mediante subvención con cargo ao Plan Máis Provincial 2024. Esta achega deberá efectuarse antes de aprobar o expediente de contratación.

Resultando.- Que consta no expediente informe de fiscalización do proxecto favorable CSV: FZSJ5UCVLWY1IB4O.

Considerando.- Que a esixencia de informe de supervisión non é preceptiva dado que non se superan os límites establecidos no art. 235 da LCSP e as actuacións non afectan á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

Considerando.- Que de acordo coa clasificación establecida no artigo 232 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), as obras do presente proxecto inclúense no grupo a) Obras de primeiro establecemento, reforma, restauración, rehabilitación ou gran reparación.

Considerando.- Que o proxecto das obras fai constar que a maior parte das obras teñen lugar no viario público de titularidade municipal polo que os terreos se atopan a disposición, non obstante a ampliación das rúas esixirá o emprego de terreos que pertencen a propietarios privados, tendo a día de hoxe eses terreos postos a disposición da Deputación de Pontevedra, libres de toda carga, por parte do Concello de Arbo a través das cesións realizadas polo respectivos titulares, segundo pon de manifesto o certificado da Secretaria-Interventora do Concello de Arbo de data 03/07/2024 con CSV:GO3RAXNOG1NSTQGH.



Considerando.- Que debido á localización e os elementos que compoñen o entorno da zona de actuación, detéctase a presenza de dous elementos catalogados no entorno, O calvario de Cabeiras e a Igrexa parroquial de San Sebastián de Cabeiras, polo que é preciso autorización de Patrimonio, a cal foi concedida en data 27/05/2024, constando no expediente con CSV: B6D1I27QUIMPJA1I.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: "...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación..."

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra "*Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da EP-5201 Arbo-Cabeiras-Barcela, na contorna da Igrexa de San Sebastián de Cabeiras (Concello de Arbo)*" redactado polos técnicos *Francisco Rivas Barros, Ignacio Teijeiro Calvo e Pedro Iglesias Aymerich*, adscritos á empresa OTIMA, S.L, cun orzamento base de licitación de 416.064,84 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) ZMLA0ALAJ3RDQ0JE.

16.34243.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES CULTURAIS SEN FINS DE LUCRO PARA AS "ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2024". (Expte. 2024002977)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do 19 de abril de 2024, aprobou entre outros asuntos, as Bases de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024 (BOPPO núm. 81 de 25 de abril de 2024).

Esta convocatoria ten por obxecto regular e conceder axudas económicas ás actividades encamiñadas á dinamización da lingua galega co fin de potenciar o uso do noso idioma no ámbito socioeconómico e, en xeral, en todos os sectores de importancia que teñan repercusión social, e para as actividades que organicen as asociacións culturais sen fins de lucro dirixidas a promover, fomentar e difundir o emprego da lingua galega



A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrencia competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo terceira e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos.

De acordo coa base cuarta da convocatoria, as concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024. Estas subvencións convócanse con cargo á aplicación 24/334.3340.489.05 do Orzamento da Deputación para o ano 2024 por un importe total de cento cincuenta mil (150.000,00) euros.

A axuda para a realización de actividades de dinamización da lingua dirixida ás entidades culturais sen fins de lucro non poderá superar o 75 % do orzamento presentado para levalas a cabo nin os tres mil cincocentos (3.500,00) euros. A cantidade indicada distribuirase de acordo con principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia e igualdade.

Esta asignación contempla o establecido no artigo 7.c) da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Recibidas un total de 60 solicitudes, revísase a totalidades dos expedientes para verificar que compren as bases novena e décima das bases reguladoras destas axudas, para notificarlle ós interesados, se é o caso, os defectos e/ou omisións detectados para a súa subsanación no prazo improrrogable de dez días, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación co 23.5 da lei 38/2003, xeral de subvencións.

Renuncia a Asociación Teatro Compañía Caracol (Expdte. 2024030405), e non atende ao requirimento a AC Os Cruceiros de Anceu (Expdte. 2024034545) e desestímense os expedientes 2024033144, 2024033472 e 2024033455 da Asociación O Son do Pobo, a Asociación Lolos e a Asociación Cultural Fundación Casa-Museo De Camaño Xestido-A Mangallona respectivamente, por non cumprir coa base 5ª: Entidades beneficiarias e os expedientes 2024035515, 2024038450, 2024030134, 2024028348, 2024033909, 2024034398, 2024036938 e 2024033870 da Asociación de Veciños San Xorxe de Cereixo, Club Serendipia, Asoc. Cultural Banda de Musica de Silleda, Fundación Musical De Xinzo, Feapa Pontevedra, Veganagal, Asociación Sforza Bembrive e Asociación Cultural Unitaria De Vide respectivamente, por non cumprir coas bases 6ª: Actividades subvencionables, da convocatoria.

Con data 29 de xullo de 2024, o xefe do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüístico emite informe para fiscalización previa das 47 solicitudes restantes presentadas en prazo para o programa indicado, con CSV: 6BOLYJA1B4EHRZOZ, en virtude do disposto na base décimo cuarta: Instrución e resolución do procedemento da bases de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024 anteriormente citadas.



Fiscalizadas as correspondentes solicitudes, emítase pola área de Intervención con data 24 de setembro de 2024, informe favorable (CSV: TB7EHHN9TCG9T0V8) sobre existencia de consignación, por un importe de 150.000,00 €, con cargo á aplicación 24/334.3340.489.05.

Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa de aplicación, sometese á aprobación a proposta de concesión de bases de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024 das entidades que se relacionan e que figuran con CSV: AU3PZQN0LJ63SBWX, desestimándose un total de 13 solicitudes das entidades que se relacionan, e que figuran con CSV: KXLHLP1HS4WKS0T8.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, art. 36.1.d) (LBRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, art. 109.1.d) (LALG).
- Lei 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.
- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación (OXS).
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En relación coas competencias para a defensa e a promoción da lingua e da cultura galegas, no artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia determínase a obriga dos poderes públicos de potenciar a utilización do galego en todas as esferas da vida pública, cultural e informativa, e de dispoñer os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.



No artigo 2 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, concrétese que “*os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da comunidade autónoma.*” No artigo 4.1 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, se establece que “o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma.” e no seu artigo 25 figura que “*O Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.*”

No artigo 7.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispónse que “*o galego, como lingua propia de Galicia, éo tamén da súa Administración local.*”

Así mesmo, o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o día 21 de setembro de 2004, contén, entre outros, os seguintes obxectivos referidos á Administración local: “*É necesario consolidar o papel normalizador das corporacións locais por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados.*”

No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 17.3 da OXS, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a proposta de concesión de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024 das entidades que se relacionan e que figuran con CSV: AU3PZQN0LJ63SBWX e desestimar as que figuran con CSV: KXLHLP1HS4WKS0T8

17.34244.- AUTORIZAR O PROXECTO REFORMULADO DO INVESTIMENTO “REFORMA DA CONTORNA DA PRAZA DE ABASTOS DE TUP”, INCLUÍDO NO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CONCELLO DE TUI. (Expte. 2024021693)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.



Mediante acordo adoptado na Xunta de Goberno do día 23/08/2024 (Nº2.34151), concedeuse ao *concello de Tui*, polo procedemento de concorrència non competitiva, unha subvención por importe de 154.862,34 euros, ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1-investmentos, con destino ao financiamento do investimento “Reforma da contorna da praza de abastos de Tui” (expediente: 20240216931), en base a un orzamento polo importe de 763.237,37 euros, financiando no marco do PRTR-Next Generation o importe restante, en concreto 608.375,03 euros, tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
763.237,37€	154.862,34€	608.375,03€	0,00€

En data 11/09/2024 consta entrada na sede electrónica da Deputación, WEB2024057573, instancia xenérica do Concello de Tui na que adxunta, unha vez emendadas as incidencias e omisións detectadas polo Servizo de asistencia intermunicipal (SAIM) da Deputación de Pontevedra, proxecto reformulado e decreto, número:2024-1124 data:10/09/2024, de aprobación do mesmo e solicita a modificación do acordo de concesión de subvención por reformulación do proxecto para levar a cabo o investimento mencionado *ut supra*.

A presente actuación conta co informe de supervisión favorable do facultativo do servizo de Cooperación cos Municipios de data 17/09/2024.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.

A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.

- Base 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024, que regula a modificación das resolucións ou dos acordos de concesión por reformulación dos proxectos técnicos sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 17/09/2024, e da xefatura do servizo de Cooperación, de data 18/09/2024, que conclúe favorablemente a tramitación do proxecto reformulado, e do informe da Intervención Provincial, de data 27/09/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a reformulación do proxecto técnico aportado inicialmente e que figura no expediente polo novo proxecto técnico, presentado en data 11/09/2024 con rexistro de entrada WEB2024057573, que rexerá a execución do investimento “*Reforma de contorna da praza de abastos de Tui*” (Expte.2024021693), sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada, nin o importe do orzamento e subvención concedida mediante acordo adoptado na Xunta de Goberno do día 23/08/2024 (nº2.34151).
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Tui*, a Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

18.34245.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

19.34246.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

20.34247.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

